

IGUALDADE

Eu son **REALTILLA** e nótrome da igualdade real entre mulleres e homes.

Algunhas persoas pensan que me queixo por gusto, xa que nas leis de moitos países do mundo os dereitos dos homes e das mulleres aparecen iguais, pero estas persoas confunden o que é a igualdade real coa igualdade formal, xa que aínda que sobre o papel as persoas poden aparecer cos mesmos dereitos, nas diferentes sociedades existen miles de mecanismos que impiden que os exerzan dun modo libre e igualitario.

- As mulleres constitúen aproximadamente o 70% da poboación que vive na pobreza e posúen unicamente o 1% da riqueza mundial.
- As mulleres e as nenas representan dous terzos das persoas analfabetas.
- As taxas de participación laboral para as mulleres son en media soamente o 50% da dos homes.
- Ás mulleres páganlles xeralmente un 30% ou 40% menos que aos homes polo mesmo traballo.

Por iso, cando oín falar da xente que apoiades a campaña Móvetes pola Igualdade e de todas as cousas que faciades decidín poñerme en contacto, xa que vin que alimentarme era o voso obxectivo final! Por iso, gustárame explicarlle a todo o mundo en qué consiste a campaña. Púxenme a investigar e vin que estades facendo moitas cousas. Entre elas, quedeime con algunhas:

- **Formación sobre xénero e desenvolvemento a persoas que poden multiplicar a mensaxe.**
- **Formación sobre xénero e desenvolvemento e incidencia política a organizacións de mulleres.**
- **Sensibilización e traballo cos medios de comunicación.**
- **Accións de incidencia e informes sobre o papel da cooperación española en temas de xénero.**
- **Pór en contacto organizacións do norte e do sur para xerar aprendizaxes conxuntos.**
- **Establecemento de alianzas e a creación dunha comunidade virtual internacional de apoio ao cumprimento dos obxectivos da Plataforma de Beijing.**

Estou segura que entre todo o mundo lograremos acadar os nosos obxectivos. Falei coas miñas compañeiras e todas estamos decididas a unirmos á Campaña Móvetes pola Igualdade e así xuntar as nosas forzas ás doutras persoas que están loitando por facer valer os seus dereitos.

As catro precisamos de estar unidas e sas para que o resto das Igualias tamén o estean. Mentres unha Igualia siga transparente ou sen movemento, ningunha poderemos estar completas.

¿QUEN ORGANIZA ESTA CAMPAÑA?



Axuda en Acción é unha Organización Non Governamental de Desenvolvemento (ONGD) independente, aconfesional e apartidista que ten como misión mellorar as condicións de vida dos nenos e nenas, as familias e comunidades en países e rexións pobres, a través de proxectos auto sostibles de desenvolvemento integral e actividades de sensibilización. A súa finalidade é a de propiciar cambios estruturais que contribúan a erradicación da pobreza. Actualmente está presente en 19 países de tres continentes: Asia, África e América.

Av. del General Sanjurjo, 64. Bajo izq. 15006 A Coruña
Telf. + 34 981 133 737 - www.ayudaenaccion.org



Entreculturas é unha ONGD promovida polos xesuítas que nace no Sur e que cre na educación como instrumento de desenvolvemento, transformación, cambio social e diálogo entre culturas. Por iso apoia proxectos que leven a educación aos pobos excluídos de América Latina, África e Asia. A súa aposta lévaos, tamén, a poñer toda a súa enerxía na sensibilización da sociedade do Norte para que sexa capaz de transformar as súas estruturas e converterse, xunto ao Sur, nun factor de cambio a favor da xustiza.

C/ Pablo Aranda, 3. 28006 Madrid
Telf.: +34 915 902 672 - www.entreculturas.org



InterRed é unha ONGD promovida pola Institución Teresiana para impulsar, desde a sociedade civil, unha rede de intercambio e solidariedade entre grupos sociais, pobos e culturas. Pretende transformar a realidade socioeconómica actual xeradora de inxustiza e loitar contra a pobreza, as desigualdades e a exclusión, a través de procesos socio educativos desde un enfoque de dereitos humanos e de xénero.

Praza do Matadoiro, 7. 15703 Santiago de Compostela
Telf. + 34 981 587 966 - www.interred.org



Móvetes pola igualdade
É de xustiza

CONTA COS TEUS DEREITOS

COM
PRO
M
SO



DE
C
S
ÓNS



COI
DA
DOS



IGU
AL
DA
DE

Por se alguén non sabe como unirse a esta comunidade e quere informarse da campaña, invítovos a metervos na web www.mueveteporlaigualdad.org e investigar. **VÉMONOS!!!**

Cofinanciado por:



mueveteporlaigualdad.org

Introdución

Fai xa moitos meses, dende a campaña Móvete pola igualdade. É de xustiza puxémonos en movemento para buscar xente que puidese axudarnos a acadar os nosos obxectivos. Entre ir e vir, escoitar aquí e alá, oímos falar das **IGUALIAS**. Pensamos que eran lendas, que non existían, pero, por se acaso, decidimos ir na súa busca, para pedirles que nos apoiasen.

As Igualias son pequenas criaturas que viven entre as persoas pero que só toman forma definida e se deixan ver cando están ben alimentadas. Cada unha nútrese dunha cousa distinta. Nós contactamos coas catro e sabemos que se alimentan de: **igualdade real entre homes e mulleres, corresponsabilidade nos coidados, participación política das mulleres e cumprimento dos tratados internacionais relativos á igualdade**. Alimentándose deste tipo de cousas, non están demasiado en forma. Cando se atopan débiles, vanse paralizano ata desaparecer, vólvense transparentes!!!

Ao atopalas, propuxéronnos acompañalas e contar a todo o mundo os problemas que estaban tendo para alimentarse. Explicáronnos que o feito de que elas estiveran tan débiles era o resultado da vulneración dos dereitos de moitas mulleres. Nestes momentos acabaron por converterse en estatuas, pero cunha alimentación axeitada, poderían chegar a ter movemento e incluso a falar, e non só escribir como teñen que facer agora. Ademais, dende estas liñas queren reivindicar o seu dereito a unha boa alimentación e á necesidade de que toda a sociedade se implique para mudar esta situación de inxustiza e discriminación.

E así comezou a nosa aventura conxunta. Propuxémonos unirnos ás IGUALIAS na súa loita por recuperar o movemento e a fala. Sabemos que é unha tarefa complicada, pero tamén, que é a nosa responsabilidade. Para elo, realizaremos diferentes actividades e traballaremos para que a sociedade se implique e o goberno español asuma o seu compromiso de nutrilas.

Elas apoiaranos nos diferentes actos e procesos da campaña e iremos vendo os avances que España está tendo no recoñecemento e reparto equitativo dos traballos dos coidados, a participación política das mulleres, a igualdade real e o cumprimento dos tratados internacionais a través da súa evolución.

Se son estatuas saberemos que a cousa non vai moi ben. Se, polo contrario, as vemos en movemento, saberemos que as cousas van mellorando e se nalgunha esquina as atopamos falando por elas mesmas, saberemos que alcanzamos os nosos obxectivos! Se desaparecen, non quero imaxinar o que sucederá.

Invitámosvos a que as acompañedes no seu percorrido, que as busquedes, xa que poden estar en calquera lugar, e, sobre todo, que as alimentedes, non só nos grandes eventos, senón tamén a través do día a día.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA

Eu son **POLITICALIA** e o elemento co que mellor me nutro é coa participación das mulleres e dos homes nas tomas de decisións políticas. Desgraciadamente, como moi pouco, xa que nestes espazos só vexo a homes e, aínda pouco a pouco, vou tendo consomes para comer a través da representación paritaria en determinados espazos de toma de decisións. A verdade é que os pratos fortes aínda están por chegar.



Para cociñalos son precisos varios ingredientes insubstituíbles e sobran outros que amargan a comida. Hai que ligar a presenza das mulleres en todos os espazos políticos, dende os locais ata os internacionais, eliminando as barreiras e estereotipos que crean os teitos de cristal e xerando propostas de acción a favor da igualdade.

- As parlamentarias non constitúen a metade do total de ningunha das cámaras lexislativas nacionais.
- A escala mundial, as mulleres ocupan tan só un 16% dos escaños en parlamentos nacionais e só 19 países acadaron a meta do 30% establecido por NNUU.
- As mulleres xefas de estado, a finais do 2005, só representaban un 5% a nivel mundial.

Teito de cristal: barreira invisible que se atopan as mulleres nun momento determinado da súa carreira profesional resultante dunha complexa armazón de estruturas en organizacións dominadas polos varóns, que impide que as mulleres accedan a postos importantes ou de maior responsabilidade.

ECONOMÍA DO COIDADO

Eu son **CUIDADELA** e nótrome e fortalézome cando as persoas se coidan unhas a outras, cando, entre todas, aportan o necesario para a reprodución e o coidado da vida. Supoño que pensaredes que todas estas cousas xa se están facendo e que eu debería ser forte e áxil. Tedes razón. O problema é que as mulleres son case as únicas que me deron de comer durante séculos e que as vosas sociedades non lles recoñecen todo ese traballo, e moito menos, o comparten con elas.



Esta discriminación debilítame e impídeme crecer forte e sa. Para acadalo, preciso que os coidados se valoren e visibilicen, que sexan compartidos tanto por homes como por mulleres e que os estados asuman a súa parte de responsabilidade. Deste xeito, poderei crecer, moverme e unirme aos vosos obxectivos.

- Dos 46.375 millóns de horas anuais que se invisten no fogar español, o 73% recae nas mulleres.
- A nivel global, as mulleres achegan o 70% das horas traballadas e non perciben máis que o 10% da renda.
- As campesiñas nos países do sur producen do 60% ao 80% dos alimentos.

A **economía do coidado** representa o espazo de actividades, bens e servizos, tanto materiais como sociais, necesarios para a reprodución e o mantemento da vida das persoas: alimentación, sanidade, afecto, educación e vida nun hábitat propicio. Coidado é ademais un concepto que vincula á esfera da intimidade, a casa e a familia, co Estado, os servizos públicos, os réximes de benestar e, por último, a cidadanía.

COMPROMISOS ADQUIRIDOS

Eu son **TRATALATA** e aliméntome cando os gobernos de todo o mundo poñen medidas e cumpren os acordos internacionais que firman.

Pensei que me ía a pór gorda e atractiva, xa que proliferan a firma de acordos e tratados, foros e cumios, pero cal foi a miña sorpresa cando pasaba o tempo e non só non crecía senón que estaba comezando a desaparecer!!!!

Sei que con esta campaña estades loitando para que se cumpran os acordos da Plataforma de Acción de Beijing dentro das políticas de cooperación do goberno español.

E aínda que ten 12 esferas moi importantes, gustárame comentarvos que dúas destas esferas se preocupan por mellorar o estado de saúde das miñas compañeiras Cuidadela e Politicalia.

Se queredes coñecelas mellor, invítovos a que leades os Acordos da Plataforma de Beijing (se non sabedes onde buscar, podedes atopar o link na nosa web: www.mueveteporlaigualdad.org)

PLATAFORMA DE ACCIÓN, DE BEIJING, 1995

A Plataforma de Acción de Beijing é o resultado concreto da declaración xurdida da IV Conferencia Mundial sobre a Muller que se celebrou na capital da República Popular de China entre o 4 e o 15 de setembro de 1995. Este documento é o máis importante e completo producido por unha conferencia de NNUU con relación aos dereitos das mulleres. Os acordos acadados agrúpanse nunha ducia de esferas de especial preocupación e recollen propostas de acción concretas.

